



# Programa Virada

**Programa para o desenvolvemento do liderado en  
persoas con responsabilidades de dirección ou  
coordinación en organizacións**

*Unha das manobras máis importantes na náutica  
a vela é a virada, que consiste en cambiar de  
rumbo. A virada ten varias formas de realizarse,  
xestionando as velas e a a tripulación para  
aproveitar os ventos*

**III Edición. Febreiro a Xuño de 2019**



PRESENTACIÓN .....	3
A quen vai dirixido VIRADA LIDERADO e que pretendemos? .....	3
Cal é a traxectoria do Programa? .....	3
OBXECTIVOS .....	4
Competencias estratéxicas .....	4
Competencias interpersoais.....	4
Competencias persoais .....	5
METODOLOXÍA .....	6
CONTIDOS .....	7
DESENVOLVEMENTO .....	9
Duración .....	9
Compromisos.....	9
Itinerario formativo .....	11
FACILITADORES.....	12
Fundación EDE .....	12
Algalia.....	13
PREZO E INSCRICIÓN.....	14
Prezo .....	14
Inscripción .....	14

## PRESENTACIÓN

### A quen vai dirixido VIRADA LIDERADO e que pretendemos?

A persoas con responsabilidades, presentes ou futuras, de dirección, xerencia ou coordinación de equipos en entidades de economía social, organizacións non lucrativas ou empresas.

Queremos facilitar que estas persoas adquiran competencias estratéxicas, interpersoais e persoais que as capaciten para o exercicio dun liderado máis efectivo que contribúa ao desenvolvemento das súas organizacións.

### Cal é a traxectoria do Programa?

Esta que presentamos é a III Edición do Programa. Na II Edición, que se desenvolveu no ano 2018, participaron 14 persoas pertencentes a 10 entidades distintas.

VIRADA LIDERADO é herdeiro e continuación en Galicia do Programa [BIDERA, Liderado e emprendizaxe social](#) desenvolvido pola [Fundación EDE](#) en Euskadi desde o ano 2009, e que no ano 2018 tivo a súa XI edición.

Tanto VIRADA LIDERADO, como BIDERA, forman parte dun itinerario formativo que se desenvolve en coordinación coa Universidade de Mondragón ([Mondragón Unibertsitatea](#)) e que culmina cun Master en coaching de persoas e equipos.

- Programa BIDERA, Liderado e emprendizaxe social. [Edición de 2018](#).
- Programa BIDERA e MONDRAGÓN UNIBERTSITATEA, Curso de profundización en liderado. [Edición de 2015](#).
- MONDRAGÓN UNIBERTSITATEA, Master en coaching de persoas e equipos. [Edición de 2018](#).

Para máis información, contactar co responsable do Programa VIRADA LIDERADO, David Pereiro (687 879 414 ou [david@algalia.com](mailto:david@algalia.com)).

## OBXECTIVOS

Contribuír a que persoas con responsabilidades, presentes ou futuras, directivas ou de coordinación de equipos de traballo adquiran competencias estratéxicas, interpersoais e persoais que as capaciten para o exercicio dun liderado máis efectivo.

As competencias a adquirir durante o proceso son de tipo estratéxico, interpersoal e persoal.

### Competencias estratéxicas

#### **Dirección estratéxica**

Capacidade para identificar os puntos fortes e débiles da organización, anticiparse ás tendencias da contorna e xerar novas liñas de traballo, servizos, proxectos, etc.

#### **Orientación ao cliente**

Capacidade para atender adecuadamente as necesidades do cliente, creando e consolidando unha relación de valor para ambas partes.

#### **Rede de relacións**

Capacidade para crear e fortalecer unha rede de contactos con persoas crave e axentes que facilitan o bo funcionamento da organización.

#### **Negociación**

Capacidade para chegar a acordos satisfactorios para todas as partes implicadas no proceso, xerando o maior valor engadido posible.

### Competencias interpersoais

#### **Dirección de equipos**

Capacidade para xerar e fomentar un ambiente de cohesión e colaboración entre todos os membros do equipo, orientado á consecución da misión e os obxectivos da organización.

#### **Comunicación**

Capacidade para escoitar e expresarse, establecendo o modo e o momento oportuno para transmitir unha idea de maneira efectiva.

#### **Delegación**

Capacidade para transferir ao equipo o espazo e os recursos necesarios para a toma de decisións e o logro dos seus obxectivos.

### **Xestión do talento**

Capacidade para desenvolver optimamente o potencial posible do equipo.

## Competencias persoais

### **Análise de problemas e toma de decisións**

Capacidade para identificar de maneira efectiva a información relevante, xerar distintas solucións e executar a liña de traballo óptima para cada situación.

### **Xestión do tempo**

Capacidade para priorizar as tarefas, programar as actividades de maneira adecuada e executalas no prazo previsto.

### **Xestión do cambio e aprendizaxe**

Capacidade para facer fronte ao cambio e asimilar novos coñecementos e comportamentos.

### **Autocontrol e equilibrio**

Capacidade para reaccionar co estado de ánimo apropiado e comportándose de maneira ecuánime ante calquera situación.

## METODOLOXÍA

O Programa está deseñado para que a persoa participante sexa protagonista da súa propia aprendizaxe, aínda que será de gran axuda a aprendizaxe en grupo e o apoio do equipo facilitador.

Para lograr as competencias de liderado levará a cabo un itinerario con espazos e actividades individuais e grupais. Todas elas están deseñadas para lograr unha aprendizaxe efectiva e aplicable.

VIRADA LIDERADO inclúe:

- A aprendizaxe a través do proceso vivencial nos **Encontros presenciais outdoor**. Son espazos que pretenden propiciar un espazo vivencial próximo e de confianza, onde se traballen aspectos relacionados co plan de mellora persoal e ao fío do itinerario da formación nos Obradoiros de contidos sobre liderado.
- **Obradoiros de contidos sobre liderado**. Neste espazo de aprendizaxe ofreceranse enfoques e ferramentas prácticas sobre liderado. Realizarase unha mirada profunda e vivencial dos elementos que interveñen na nosa forma de pensar, comunicarnos e actuar, a nivel persoal e grupal.
- Plan de mellora de competencias persoais en liderado: **Coaching persoal**. Cada participante será guiado por un coach de maneira personalizada, co fin de indagar e reflexionar sobre a súa visión e práctica como líder. Trátase dun proceso persoal con gran repercusión na forma de pensar, sentir e actuar.
- **Proxecto de mellora organizacional**. Cada participante deseñará e levará a cabo un proxecto de mellora organizativa aplicado a súa organización, estreitamente relacionado co plan de liderado persoal e o desenvolvemento das habilidades traballadas durante a primeira parte do programa. Este proceso será guiado por un titor en titorías grupais.

A participación no programa leva 100 horas de dedicación: 75 horas presenciais e aproximadamente 25 horas de traballo persoal.

O programa está deseñado para compaxinalo co labor profesional, axudar a resolver situacións do día a día e compartir inquietudes con persoas afíns. Suporá, en certo xeito, un “respiro” na devandita labor.

### **Bloque I. Presentación**

- Enfoque e metodoloxía do programa.
- Aprender a aprender.
- Xestión do cambio.
- Competencias directivas.

### **Bloque II. Dende onde miramos**

- O observador que somos.
- O sistema ao que pertencemos.
- A nosa estrutura e cultura organizativa.

### **Bloque III. A nosa identidade**

- Conversacións públicas e privadas.
- A identidade pública.
- Identidade e conversacións nas nosas organizacións.

### **Bloque IV. A fala**

- Propor e indagar.
- As afirmacións e as declaracións.
- As declaracións que facemos e que non facemos.

### **Bloque V. A escoita**

- A inquietude detrás de escoita.
- As craves da escoita.
- Como se escoita nas nosas organizacións.

### **Bloque VI. Introducción ás emocións**

- Que son as emocións.
- A xestión das emocións.
- Como sinto, como sentimos.

### **Bloque VII. Os xuízos**

- Esquemas mentais, crenzas e xuízos.
- Fundamentación dos xuízos.
- Os xuízos nas nosas organizacións.

### **Bloque VIII. Os sistemas**

- Perspectiva sistémica.
- Principios sistémicos.
- Dinámica grupal: unha mirada sistémica a nosa organización.

### **Bloque IX. Coordinarnos cos demais**

- A promesa.
- ciclo de coordinación de accións.
- A coordinación grupal nas nosas organizacións.

### **Bloque X. Emocións (Distincións)**

- Aprehender as distincións das emocións.
- As empatía e a sensibilidade.
- A transformación emocional das nosas organizacións.

### **Bloque XI. A toma de decisións e o traballo en equipo**

- A filosofía gañar-gañar.
- Enfoque centrado na solución.
- Mapa de poder e círculo de influencia.
- As decisións no grupo.

### **Bloque XII. A corporalidade**

- A integración da cognición, a emoción e o corpo.
- Os 4 elementos: terra, auga, aire e lume.

### **Bloque XIII. A innovación e a creatividade**

- Actitude e técnicas para a innovación e a creatividade persoal.
- A innovación e a creatividade grupal.

### **Bloque XIV. Peche persoal**

- Viaxe persoal.

### **Bloque XV. Peche grupal**

- Viaxe grupal.
- Peche da aprendizaxe e avaliación.



## DESENVOLVEMENTO

### Duración

Inicio: 22 de febreiro de 2019.

Finalización: 29 de xuño de 2019.

### Compromisos

#### Encontros presenciais outdoor

Lugar de celebración

- Hotel Balneario Arnoia Caldaria (Arnoia, Ourense). [Páxina web](#).

Horario

- Venres: de 10.00 a 20.00 horas.
- Sábado: de 09.00 a 18.00 horas.

Datas

- Primeira sesión: venres 22 e sábado 23 de febreiro de 2019.
- Segunda sesión: venres 26 e sábado 27 de abril de 2019.
- Terceira sesión: venres 28 e sábado 29 de xuño de 2019.

#### Obradoiros sobre temas de liderado

Lugar de celebración:

- Vigo ou Santiago de Compostela (pendente de concretar), dependendo da inscrición.

Datas e horario:

- Primeiro obradoiro: mércores 20 de marzo de 2019, de 10.00 a 14.00 e de 15:30 a 19:30 horas.
- Segundo obradoiro: mércores 15 de maio de 2019, de 10.00 a 14.00 horas.
- Terceiro obradoiro: mércores 12 de xuño de 2019, de 10.00 a 14.00 horas.

### **Coaching persoal**

Lugar de celebración

- Presencial en lugar a convir.

Horario

- 2 horas por sesión, a acordar entre o coach e cliente.

Datas

Realizaranse tres sesións. As datas serán flexibles, dependendo da dispoñibilidade de coachs e clientes. Como recomendación, marcamos os seguintes fitos no calendario:

- Primeira sesión: entre o 25 de febreiro de 2019 (despois do primeiro outdoor) e o 19 de marzo de 2019 (antes do primeiro obradoiro).
- Segunda sesión: entre o 21 de marzo de 2019 (despois do primeiro obradoiro) e o 14 de maio de 2019 (antes do segundo obradoiro).
- Terceira sesión: entre o 16 de maio de 2019 (despois do segundo obradoiro) e o 27 de xuño de 2019 (antes do terceiro outdoor)

### **Proxecto de mellora organizacional**

Lugar de celebración

- Vigo ou Santiago de Compostela (pendente de concretar), dependendo da inscrición.

Datas e horario:

Realizaranse dous titorías grupais nas tardes dos dous últimos Obradoiros de contido sobre liderado.

- Primeira titoría: mércores 15 de maio de 2019, de 15.30 a 19.30.
- Segunda titoría: mércores 12 de xuño de 2019, de 15.30 a 19.30.

## Itinerario formativo

- Encontro presencial Outdoor
- Obradoiro de contido en liderado
- Obradoiro de contido en liderado e titoría de grupo
- Coaching persoal 01
- Coaching persoal 02
- Coaching persoal 03
- Semana Santa

## 2019

**xaneiro - 2019**

Lun	Mar	Mér	Xov	Venr	Sá	Dom
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

**febreiro - 2019**

Lun	Mar	Mér	Xov	Venr	Sá	Dom
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28			

**marzo - 2019**

Lun	Mar	Mér	Xov	Venr	Sá	Dom
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

**abril - 2019**

Lun	Mar	Mér	Xov	Venr	Sá	Dom
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30					

**maio - 2019**

Lun	Mar	Mér	Xov	Venr	Sá	Dom
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

**xuño - 2019**

Lun	Mar	Mér	Xov	Venr	Sá	Dom
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30

## FACILITADORES

O Equipo de facilitadores encargarse de dar apoios en cada unha das actividades do Programa:

- Encontros presenciais outdoor.
- Talleres de contido sobre liderado.
- Coaching persoal.
- Proxecto de mellora organizacional.

### Fundación EDE

#### **Ander Mimenza**

É responsable de BIDERA (Liderado e emprendizaxe social) e consultor da área de consultoría da Fundación EDE acompañando procesos de fortalecemento e desenvolvemento organizacional.

Compaxina este labor de coordinación e consultoría coa facilitación de cursos: planificación estratéxica, comunicación e mercadotecnia, liderado, competencias conversacionais, perspectiva sistémica, etc.

É coach de persoas e equipos, formado en diferentes escolas internacionais: Ontolóxico, Sistémico, PNL, Corporal...

A súa área de coñecemento é multidisciplinar: Mercadotecnia, Administración de empresas, Xestión de entidades sociais, Psicoloxía, Filosofía...

### **Celso Gándara**

É xerente de Algalia e coach.

Xerente de Algalia desde 2009, Presidente de Espazo Coop, Unión de cooperativas de Galicia (desde 2016), responsable de consultoría en Algalia sendo consultor en estratexia e proxectos sociais (2009-2000), asesor económico de entidades non lucrativas en Algalia (2000-1997), responsable da Área de Formación e Emprego en Cáritas Diocesana Tui Vigo (1998-1999), responsable do Centro de Desenvolvemento Humano e Empresarial Don Bosco en Tegucigalpa, Honduras (1996-1997) e docente en diversos planos de formación e postgraos de dirección de entidades sociais.

Licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais (USC), Master en coaching de persoas e equipos (Mondragón Unibertsitatea), Programa Superior en Dirección y Gestión de Cooperativas (Escola Negocios A Fundación), Postgrao en Dirección e Administración de organizacións non lucrativas (UdeVigo) e Postgrao en Inserción Laboral de Persoas con Discapacidade (Fundación Paideia).

### **Begoña Suárez**

É xerente de AMIPA e coach.

Xerente da Asociación AMIPA desde 2009 e formadora en diversos cursos relacionados co ámbito xurídico e social, na administración local e en entidades non lucrativas.

Licenciada en Dereito (USC), Master en Dirección e Xestión de Centros, Recursos e Servizos para a Atención á Dependencia (USC) e Master en coaching de persoas e equipos (Mondragón Unibertsitatea).

### **David Pereiro, responsable de VIRADA LIDERADO**

É socio consultor de estratexia e coach persoal e de equipos en Algalia.

Facilitou numerosos procesos de planificación estratéxica con entidades non lucrativas e responsabilizouse da elaboración e avaliación de proxectos para administracións públicas autonómicas e estatais.

É educador social, licenciado en Filosofía (USC), Master en consultoría e xestión de procesos de desenvolvemento organizacional (Universidad de Valladolid), Master en coaching de persoas e equipos (Mondragón Unibertsitatea) e Postgrao en coaching de equipos (Mondragón Unibertsitatea).

## PREZO E INSCRICIÓN

### Prezo

Total do programa: 2050 €.

Este prezo inclúe:

- 64 horas de docencia presencial (48 en Encontros presenciais outdoor e 16 en Obradoiros de contido sobre liderado).
- 6 horas de Coaching persoal.
- 8 horas de acompañamento grupal para o Proxecto de mellora organizacional.
- Aloxamento e comidas no lugar de celebración dos Encontros presenciais outdoor.
- Xestións para a bonificación ante a FTFE.

### Descontos

- Este programa é bonificable pola Fundación Tripartita para a Formación e o Emprego. O importe bonificable será calculado especificamente para cada participante durante o proceso de inscrición.
- Os clientes de Algalia terán un desconto do 5 %. A segunda persoa da mesma entidade terá un desconto do 5 %. Os descontos non son acumulables.
- Os pagos poden ser fraccionados: o 50% ao inicio (antes do 24 de febreiro de 2019) e o 50% restante antes do 19 de maio de 2019.

### Inscrición

### Prazo

- Antes das 08.00 horas do venres 15 de febreiro de 2019.

### Requisitos

- Persoas con responsabilidades, presentes ou futuras, de dirección, xerencia ou coordinación de equipos en entidades de economía social ou empresas.
- Non poderán participar máis de dúas persoas da mesma entidades ou empresa, salvo excepcións que se estudarán en particular.

### Número de prazas

- O número de prazas está limitado a un máximo de 25.
- Algalia resérvase o dereito de suspender a edición do programa no caso de que non haxa un número de inscritos suficiente.

### **Criterio de selección**

- Valorarase a adecuación dos contidos do curso ao perfil profesional presente ou futuro da persoa candidata.
- Terase en conta o número de participantes dunha mesma empresa ou organización non lucrativa, así como a orde de inscrición.
- Terase en conta a orde de inscrición.
- Unha vez realizada a inscrición, o responsable do Programa VIRADA LIDERADO, David Pereiro (687 879 414 ou [david@algalia.com](mailto:david@algalia.com)), manterá unha entrevista persoal coa persoa candidata.

O formulario de inscrición está dispoñible en [www.algalia.com](http://www.algalia.com).